

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018631	CEP Xosé Neira Vilas	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A presente programación didáctica dirixida a dous grupos-aula de 14 alumnos/as cada un, cunha visión competencial a través de diferentes organizacións metodolóxicas que contribúan á atención á diversidade de todo o alumnado.

A área de Ciencias Sociais ten un forte carácter globalizador e interdisciplinar. Dende esta área incídese na aprendizaxe de conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co medio natural, social e cultural. As aprendizaxes fundamentaranse nunha perspectiva realista, resolvendo problemas e situacións significativas e contextualizadas e contribuíndo ao desenvolvemento integral do alumnado.

A área de Ciencias Sociais céntrase nun desenvolvemento persoal e social do alumnado como futuros cidadáns, o que implica coñecer os principais mecanismos de xestión social e velar pola conservación dos bens da contorna. Neste senso, cobra especial relevancia a análise crítica dende o respecto, a valoración e a creatividade entendida coma a capacidade de resolver problemas de maneira eficaz.

Segundo o Anexo II do D. 155/2022, a finalidade da ensinanza científica é proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida e interactuar co medio natural, dende a rigurosidade das fontes e a análise das experiencias.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SOS Planeta	Afondaremos no coidado do planeta a través do coñecemento de diversas experiencias e a bibliografía de diversos profesionais relacionados co mesmo.	20	27	X		
2	Coidámonos	Introduciremos diversos aspectos sobre o corpo humano e o seu coidado vinculándoo con diversas experiencias e a bibliografía de diversos profesionais relacionados co mesmo.	30	20		X	
3	Seres vivos á vista!	A través de diferentes profesións aprenderemos sobre os seres vivos, así coma sobre o seu coidado.	50	23			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SOS Planeta	27

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural.	PE	52
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable, identificando algunha relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de sucesión.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Recoñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado.	TI	48
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Chegar a acordos con axuda, identificando as responsabilidades individuais.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Cumplir actitudes que respecten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> </ul>

**Contidos**

- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.
- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	Coidámonos	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	PE	56
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida, identificando algunha relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de sucesión.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Recoñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito guiado.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando algunha pregunta.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Chegar a acordos con axuda, identificando as responsabilidades individuais.	TI	44
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Cumplir actitudes que respecten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana</li> </ul>

## Contidos

- sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.
- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
3	Seres vivos á vista!	23

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de forma guiada.	PE	59
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características dos elementos do medio natural de forma pautada.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural .		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a responsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable, identificando algunha relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna de forma guiada.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión, de xeito acompañado.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Recoñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Chegar a acordos con axuda, identificando as responsabilidades individuais.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	41
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Cumplir actitudes que respecten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.</li> </ul>

## Contidos

- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.
- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.
- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta os principios pedagóxicos do Decreto de currículo e as orientacións pedagóxicas da área, ao longo de toda a programación empregaranse diferentes recursos metodolóxicos para o deseño das diversas situacións de aprendizaxe:

A. Aprendizaxe baseada en proxectos, partindo dos intereses e motivación do alumnado e tendo en conta as súas fortalezas, estilos de aprendizaxe e estilos de expresión. Se desenvolverán tarefas integradas e globalizadas para a posta en marcha desempeños interdisciplinares.

Desenvolveremos 3 proxectos de carácter trimestral asociados a cada unha das UDD. A través destes proxectos contribuiremos á posta en práctica de aprendizaxes contextualizadas nas que o alumnado demostra os seus coñecementos, habilidades e actitudes con respecto aos criterios de avaliación establecidos.

Esta metodoloxía será empregada do mesmo xeito no resto de áreas curriculares, contribuíndo á posibilidade de crear proxectos interdisciplinares mais amplos, e realizando actividades vinculadas ao Proxecto Documental Integrado de centro.

B. Aprendizaxe cooperativa, coa programación de dinámicas de cohesión grupal durante as primeiras semanas, para promover o coñecemento do alumnado, así coma ao longo dos diversos trimestres, de cara a manter un bo clima da aula e fomentar estes lazos creados; a introdución de estruturas de aprendizaxe cooperativa simples (o folio xiratorio, lapis ao centro), para que o alumnado adquiera a organización das mesmas e poder observar ao alumnado para; xa a partir do segundo trimestre, poder intentar a creación de equipos estables de constitución heteroxénea, se as características e evolución do alumnado así o permiten.

A organización e o deseño de actividades a través da aprendizaxe cooperativa permite contribuir ao desenvolvemento das intelixencias inter e intrapersonal dentro das habilidades e competencias comunicativas.

Promoverase a escoita activa, o respecto das opinións, a responsabilidade individual e a corresponsabilidade na análise e toma de decisións para a resolución de problemas.:

Esta metodoloxía será empregada do mesmo xeito no resto de áreas curriculares, contribuíndo á convivencia e atención á diversidade a través da axuda mútua e a cooperación.

C. Estacións de traballo, con propostas de actividades multinivel para a aprendizaxe autónoma do alumnado segundo os seus ritmos de aprendizaxe e facendo fincapé en conceptos imprescindibles.

As estacións de aprendizaxe organizaranse nas aulas de xeito interdisciplinar, aglutinando varias estacións con aprendizaxes relativas ás distintas áreas. Durante o tempo de estacións o alumnado responsabilízase individualmente de completar satisfactoriamente exercicios e actividades sinxelas en relación á estación correspondente, aglutinando as súas producións.

O alumnado rotará entre as diversas estacións. A xestión basearase en tempos breves de traballo efectivo alternados con períodos de descanso nas rotacións, que permite un aumento da eficacia e eficiencia no traballo.

Esta metodoloxía permite adquirir unha maior autonomía de xeito progresivo, así como a adquisición de estratexias de autoxestión, toma de decisións e planificación.

D. Aprendizaxe baseada no pensamento, co emprego de un conxunto de ferramentas e recursos que permiten facer visibles os procesos cognitivos na aula, ensinando a pensar de xeito reflexivo, crítico, creativo e eficaz, promovendo a infusión curricular e fomentando unha cultura do pensamento.

Ao longo do desenvolvemento da programación empregaranse diferentes estratexias e ferramentas que facilitarán a asimilación de aprendizaxes, a profundización, a reflexión sobre o propio coñecemento e a construción do propio pensamento. De xeito xeral, empregaranse:

A. Rutinas de pensamento, patróns sinxelos de pensamento que poden ser empregados repetidamente, permitindo xerar pensamentos, razoar e reflexionar (vexo, penso, pregúntome; KWL; un titular; antes pensaba...agora penso).

B: Organizadores gráficos, ferramentas que axudan a rodear o pensamento permitindo unha aprendizaxe máis profunda, observando visualmente as relacións da información (thinking maps, diagrama de Venn, liñas do tempo).

Esta metodoloxía permite o desenvolvemento dos procesos cognitivos que vertebran as aprendizaxes recollidas no currículo a través do tratamento da información e conceptos específicos da área. Todos estes recursos e ferramentas se empregaron no resto das áreas, promovendo a interdisciplinaridade e o desenvolvemento de xeito globalizado e competencial no alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aplicacións sinxelas que permiten a realización de diferentes tarefas.
Recursos audiovisuais, imaxes, fotografías e vídeos, etc.
Materiais e recursos manipulativos.
Xogos didácticos.
Material de refugallo.
Materiais da contorna, ambientais, aportados por alumnado, familias, profesorado e asociacións.
Recursos persoais externos ao centro: familias, asociacións, Concello, Administración educativa.
Cadernos
Biblioteca do centro e de aula.
Espazos do centro, aulas específicas e outras estancias comúns, interiores e exteriores
Material de apoio das diferentes editoriais e libros de texto.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En consonancia co recollido na O.26/05/2023 art. 20, o D.229/2011 art. 33 e a O.08/09/2021 art. 12, ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial realizada a partir revisión de documentación, as reunións coas familias e a observación do alumnado, concluíndo coa sesión de avaliación inicial, que no caso de 1º de educación primaria, terá lugar o 9 de outubro de 2023.

Para a obsevación do alumnado crearanse unha serie de ítems que permitan tomar conciencia do punto de partida a apartir do cal se construírá a programación de aula: intereses e motivación do alumnado e tendo en conta as súas fortalezas, estilos de aprendizaxe e estilos de expresión, así coma competencia curricular.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>30</b>	<b>50</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	52	56	59	<b>57</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	48	44	41	<b>43</b>

### Criterios de cualificación:

Debemos diferenciar dous tipo de ccriterios de cualificación presentes nesta programación didáctica.

Por unha banda, os criterios ded cualificación que se corresponden co peso que cada UUDD terá de cara ao cálculo da avaliación ordinaria que, dacordo co establecido na Concreción Curricular do centro, se corresponde para 1º curso co seguinte reparto:

1º trimestre: 20%

2º trimestre: 30%

3º trimestre: 50%

Estas porcentaxes están estipuladas en relación coas UUDD creadas.

Por outra banda, dentro de cada UUDD, recóllese o peso para cada criterio de avaliación que a conforma. Esta ponderación correspóndese cos criterios de cualificación estipulados na Concreción Curricular, que no caso de 1º de educación primaria son:

Desempeño competencial: 65%

Actitude e Convivencia: 35%

Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou conductas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é avaliable), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular aprobada o curso 22-23 sobre motivación, interes, participación..., observable en comportamentos como "mostrar actitude de...", "traballar de forma cooperativa", "Expresar actitudes positivas"...que están recollidas nos criterios do currículo.

Polo tanto, os criterios de avaliación vincúlanse cun destes criterios de cualificación, e desta vinculación xurde o valor dentro de cada UUDD.

### Criterios de recuperación:

Dada a actual lexislación, non existe a posibilidade de ter alumnado que se manteña un curso máis en 1º de educación primaria, polo que non corresponde falar do establecido no Artigo 50. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

No caso de aprendizaxes non adquiridos ao longo dos trimestres, o traballo a través de proxectos interrelacionados permitirá retomar os coñecementos tratados previamente, que servirán para introducir e ampliar os posteriors,o que permitirá facer un seguimento desta evolución.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Seguindo a Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, nesta programación desenvolveranse diferentes medidas de atención á diversidade:

-Medidas ordinarias:

- A. Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- B. Adecuación da programación didáctica ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno
- C. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- D. Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación
- E. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

-Medidas extraordinarias:

- A. Apoio do profesorado especialista en PT

As medidas ordinarias levaranse a cabo a través do propio deseño da programación e das situacións concretas de aprendizaxe. Neste senso, as decisións metodolóxicas e o emprego dos recursos didácticos son fundamentais para a atención á diversidade. Todas estas decisións están baseadas nos principios do DUA como enfoque que permite diseñar contexto de aprendizaxe personalizados no que todo o alumnado sexa capaz de aprender e nas que as súas características tiñan acollida. Estes principios son:

1. Proporcionar múltiples medios de presentación da información.
2. Proporcionar múltiples medios de acción e representación.
3. Proporcionar múltiples formas de implicación.

No conxunto do alumnado contamos con 14 alumnos/as en cada aula, entre os que se atopa un alumno con NEE que conta con apoio do profesorado de PT e AL.

Do mesmo xeito, ambas aulas contan con apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, cun total de 2 horas semanais impartidas pola mestra titora do mesmo nivel educativo.

Tamén se terán en conta as consideracións e recomendación incluídas nos protocolos de atención educativa publicados pola Consellería.

O trascorrer do curso, e coma punto de partida da avaliación inicial, irase realizándose unha análise continua das diferentes actividades, así como os datos recollidos a través das avaliacións, que permitirán introducir modificación e axustes necesarios en relación á programación co fin de dar unha resposta eficaz e eficiente a todo o alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X
ET.7 - Emprendemento	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Educación para a paz	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable	X	X	X
ET.11 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X
ET.12 - Educación para a saúde	X	X	X
ET.13 - Creatividade, autonomía, traballo en equipo e sentido crítico	X	X	X
ET.14 - Valores que sustentan a liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, democracia, respecto polos dereitos humanos e rexeitamento a calquera tipo de violencia	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Segundo o devenir dos proxectos e das diverss propostas dos diversos equipos e dos recursos externos da contorna, realizaranse diversas actividade suqe permitan unha maior transferencia dos coñecementos, habilidades de destrezas adquiridos na aula, así coma actividades que permitirán crear ou aumentar a motivación do alumnado cara eses proxectos.	X	X	X
Visita de expertos	A visita de recursos persoais externos ao centro é un elemento indispensable para o desenvolvemento dos proxectos, aínda máis tratándose este o PDI do centro de "Artes e oficios".	X	X	X
Conmemoracións	Tal e coma se concreta na PXA do centro, haberá unha serie de conmemoracións de celebración a nivel de centro e outras a nivel de aula que poden requirir de difrentes recursos, espazos, horarios... polo que a súa planificación pode estar dentro destas actividades complementarias.	X	X	X

### Observacións:

E aquelas que poidan xurdir do propio transcórrecer dos proxectos e do proceso de ensino-aprendizaxe.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A organización e secuencia das UD foi adecuada ás características do alumnado
O reparto dos criterios de avaliación de cada UD foron acordes para o logro efectivo por parte do alumnado
Os contidos de cada UD foron acordes para o logro efectivo por parte do alumnado
A secuencia de criterios de avaliación e contidos foi aceptada para o logro das aprendizaxes por parte do alumnado
Os instrumentos de avaliación foron axeitados para a constatación obxectiva das aprendizaxes por parte do alumnado
<b>Metodoloxía empregada</b>
A metodoloxía empregada promoveu a participación de todo o alumnado de xeito activo e efectivo
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados a acordes ás situacións de aprendizaxe deseñadas
A dixitalización está presente na procura de información e a realización de actividades
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
A atención á diversidade tivo en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de actuación
As medidas de atención necesarias adaptáronse de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas en cada momento
<b>Clima de traballo na aula</b>
As interaccións entre o alumnado foron axeitadas contribuíndo á construción das aprendizaxes
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
A coordinación entre o profesorado participante na aula foi aceptada

### Descrición:

Realizarase unha avaliación trimestral cos anteriores indicadores, tal e coma se establece no art. 26 da Orde do 26 de maio de 2023, os cales se tratarán nas sesións de avaliación trimestrais para poder tomar decisións ao longo da aplicación, así coma ao finalizar o curso, realizando o rexistro da avaliación final e facer as propostas de mellora que serán recollidas na memoria final de curso.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Realizaranse dous tipos de procedementos de seguimento, avaliación e propostas de mellora.

Por unha banda, e segundo o establecido na O.26/05/2023, art.9.5, realizaremos o seguimento das programacións didácticas reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora. Esta información será valorada e analizada polo equipo de ciclo cunha frecuencia mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión.

Por outro lado, coa información recollida, realizarase unha avaliación final na que constarán os ítems recollidos no punto 8.1. deste programa para realizar a avaliación anual e facer as propostas de mellora que serán reecollidas na memoria final de curso. Os mesmos ítems serán revisados trimestralmente na sesión de avaliación para poder tomar decisións ao longo da aplicación.

## **9. Outros apartados**